

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Estimación de alegacións á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso de estabilización de emprego temporal dunha praza de profesor/a de percusión, grupo I-A

ANUNCIO:

ESTIMACIÓN DE ALEGACIONES Á LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS E APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO DE CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DUNHA PRAZA DE PROFESOR/A DE PERCUSIÓN (I-A).

Por resolución núm. 609 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 5 de abril de 2024 resolveuse o seguinte:

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas por Juan Antonio Rodríguez Outeda, e por tanto admitilo ao proceso selectivo proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal dunha praza de profesor/a de percusión (I-a).

Segundo.- Aprobar a lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídas/os do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal dunha praza de profesor/a de percusión (I-a).

ADMITIDOS/AS:

ADMITIDOS		
Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI
1	Diego Calviño, María Isabel	***5664**
2	Paz Vila Miguel	***1755**
3	Rodríguez Outeda, Juan Antonio	***1979**

Terceiro.- Publicar a lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal dunha praza de profesor/a de percusión (I-a) na web municipal: www.culleredo.es e no Boletín Oficial da Provincia.”

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.
O que se publica aos efectos do disposto na base 4.4ª das xerais desta convocatoria.

Culleredo, 11 de abril de 2024

A concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior,

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm. 1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2024/2456